

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE UN PROCESO TRANSITORIO DE FINALIZACIÓN DA ETAPA DE FORMACIÓN NOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO QUE REGULADOS POLO R.D. 778/1998 INICIEN O PROCESO DE EXTINCIÓN.


O Real Decreto 189/2007 dispón unha modificación do R.D. 56/2005 en virtude da cal o proceso de extinción dos programas de doutoramento regulados polo R.D. 778/1998 deberá comezar, con data límite, o 1 de outubro de 2009. Algúns programas de doutoramento regulados polo R.D. 778/1998 xa iniciaron ou iniciarán dito proceso de extinción con antelación a dita data. Na previsión de que unha vez iniciado o mencionado proceso de extinción por un programa de doutoramento poida haber alumnos do mesmo que non realizaran os créditos precisos para completar a etapa de formación parece preciso establecer un proceso transitorio para a finalización da etapa de formación de ditos estudos.

É por todo elo que esta reitoría **RESOLVE**:

Que unha vez iniciado o proceso de extinción dun programa de doutoramento regulado polo R.D. 778/1998:

1. Os alumnos do mesmo que non teñan completado o período de docencia disporán dun curso académico máis, que será o primeiro sen impartición do correspondente período de docencia, para facer ata un máximo de 6 créditos en seminarios, do programa no que está admitido. O seguimento destes seminarios polo alumno, aos efectos de ser avaliado, non darán dereito a docencia presencial. Os profesores encargados da avaliación destes seminarios programarán as tarefas a realizar polo estudantado así como o correspondente proceso de titorización dos estudantes para o seguimento das mesmas, o que deberá ser público.
2. Os alumnos dun programa de doutoramento que, reunindo os requisitos para elo, non teñan completado o período de investigación, disporán dun curso académico máis, que será o segundo tras o comezo da extinción do programa, para presentar e defender o TIT, segundo a normativa da USC.
3. Os alumnos dun programa que, reunindo os requisitos para elo, non obtiveran a suficiencia investigadora e o DEA, disporán dun curso académico máis, que será o segundo tras o comezo da extinción do programa, para a súa obtención, segundo o previsto pola normativa da USC. Os departamentos responsables dos programas de doutoramento con posibles alumnos nesta situación deberán remitir á Comisión de Doutoramento as propostas de Tribunais Únicos, ao longo do mes de febreiro dese curso, para a súa aprobación, antes do 1 de abril.

4. A etapa de formación considerárase extinguida, a tódolos efectos, unha vez transcorridos dous cursos académicos tras o comezo da extinción do programa. Polo tanto, o alumnado dun programa de doutoramento dispón, como máximo, destes dous cursos para a obtención da suficiencia investigadora e a obtención do DEA.
5. Os alumnos que non rematen a etapa de formación nos prazos establecidos nesta Resolución deberán solicitar a admisión noutro programa de doutoramento ou Máster, sen prexuízo das validacións que procedan.



Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2007

O reitor



Senén Barro Ameneiro

Sra. Secretaria Xeral, Sras./Sres. Vicerreitores, Sras./Srs. Decanas/-os e Directoras/-es de Centro, Sras./ Srs. Directoras/-es de departamento, Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa do Servizo de XOPRA, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Sr. Xefe de Sección de Terceiro Ciclo, Sras./Sres. Xefes das UXAS Norte, Sur e Campus de Lugo, Sr. Director da OIU, Sras./Sres. Xestores Académicos de Centro, Director do CPTF